

Clube Marítimo
Deportivo e Cultural

The logo for BReOGAN features a stylized white swirl icon above the club's name in a white, serif font with a drop shadow effect.

O GROVE • Nº 29- 2º TRIMESTRE 2013 EDITA:
C.M.D.C. BREOGÁN
Apdo. Correos nº 86 - Telf./Fax. 986 73 32 93
e-mail: clubbreogan@telefonica.net
www.clubbreogan.org

35 anos de
historia
1978-2013

**Resultados: autonómicos,
nacionais, internacionais**

Travesía da Toxa

Xadrez

Resumo 2º trimestre

Campamento de verán



The logo for VIABUSTRavel features a yellow circular graphic with white concentric arcs, resembling a sun or a stylized 'V'. The text 'VIAJES' is in a small, sans-serif font above 'VIABUSTRavel', which is in a large, bold, blue serif font. Below the main text, 'XG-PO 321' is written in a small font. Underneath the logo, the text 'MAYORISTA - MINORISTA' is displayed in a bold, blue, sans-serif font.

**VIAJES
VIABUSTRavel**
XG-PO 321
MAYORISTA - MINORISTA

C/ Sineiro, 20 - A Bajo | 36980 O Grove (Pontevedra) • Tel. 986 73 23 36 | Fax. 986 73 39 64
www.viabustravel.es



Resumo 2º trimestre 2013

O Boletín nº 29 recolle un resumo do realizado pola nosa entidade no segundo trimestre do 2013. Un trimestre no que remata a actividade competitiva do xadrez, aínda que se mantén a Escola, mentres que o piragüismo inicia o periodo de máxima actividade do ano e que continuará no terceiro trimestre.

Neste número damos conta

da nosa participación no II Campamento Deportivo de Verán, que supera os 140 inscritos.

Infórmase do remate das ligas de xadrez, na que os dous equipos en competición mantiveron a súa categoría, tal e como estaba previsto.

A X Travesía da Toxa, que este ano bateu o récord de participación, e con ela colaboramos nos

actos do II Desembarco Pirata.

E como non podía ser doutra maneira, dáse un amplo repaso aos resultados de piragüismo, tanto a nivel galego como a nivel nacional e internacional.

Queremos recordar, que este Boletín está aberto á colaboración de quen estea interesado en expoñer algún tipo de comentario, proposta ou aportación.





Campamento Deportivo de Verán

O Campamento Deportivo de Verán iníciase a súa segunda edición, por iniciativa das Concellarías de Deportes e Xuventude e contando coa colaboración da Asociación do Deporte Meco (ADM).

A inscrición deste segundo

ano é un éxito, xa que se superan os 140 rapaces e rapazas que acudirán ás actividades do campamento: fútbol, baloncesto, piragüismo, remo, balonmán, deportes alternativos, xogos, actividades na natureza, etc...

Dende Breogán seguimos apostando por esta actividade e colaboramos nesta iniciativa de fomentar entre os rapaces a práctica deportiva, ao tempo que promovemos o noso deporte entre os pequenos.

Xa á venda a lotería de Nadal

Xa se pode comprar a Lotería de Nadal de Breogán, sendo este ano o número a xogar o: 42.904. Pódese adquirir en décimos nos establecementos

colaboradores: Peirao, Travesía, Casa Abel, Belomar, Artesa, P. Moncho, O Arco, Fous, Traíña, Viana, Picotea, Niza, Muxica, Cruceiro e B. Manos.

En participacións estana a vender os padexeir@s do equipo de promoción; e tamén se pode adquirir no Pavillón de Deportes Náuticos.



Deputación Pontevedra



Boa tempada en xadrez

A temporada dos equipos de xadrez cumpríu cos obxectivos previstos.

O Breogán “A” mantivo o seu posto no Grupo “B” da Primeira División Galega, despois duns inicios dubitativos, superon endereitar a temporada e ao final cumpriron sobradamente co obxectivo cun sexto posto final que os deixou afastados dos

postos de descenso e mesmo dos posto de promoción.

A súa participación nesta temporada resumíuse en catro vitorias, tres empates e catro derrotas, cos que sumaron un total de 23 puntos que os levaron ao 6º posto, na metade da táboa clasificatoria.

O Breogán “B” tamén mantivo a súa categoría no Grupo

“F” da Terceira División, tal e como informáramos no Boletín anterior, remataron no 5º posto da taboa clasificatoria.

Neste equipo participan xogadores que non van no “A” e outros que non son tan asiduos, ao tempo que algúns dos membros da Escola de Xadrez teñan os seus primeiros contactos coa competición neste equipo.





CLASIFICACIÓN GRUPO PRIMEIRA DIVISIÓN – GRUPO “B”

Posto	Equipo	Gañados	Empatados	Perdidos	Puntos
1	Exp Ramón Escudeiro Tilve	8	2	1	33,5
2	Asociación Exalcoholicos	8	1	2	28,5
3	Mercantil de Riveira	8	2	1	27
4	Xadrez Nemenzo	6	1	4	25
5	CXF Casa da Xuventude	6	1	4	23,5
6	BREOGAN “A” 4	4	3	4	23
7	Marquiño 5	5	2	4	22,5
8	Xadrez Gallaecia	5	0	6	21,5
9	USC Xuvenil 4	4	0	7	21,5
10	Algalia de Abaixo	2	1	8	16
11	Escuela Lalín “A”	3	1	7	14
12	Distribuinosa-Xadrez Rianxo	0	0	11	7

CLASIFICACIÓN GRUPO TERCEIRA DIVISIÓN – GRUPO “F”

Posto	Equipo	Gañados	Empatados	Perdidos	Puntos
1	Xadrez Dorna	5	1	0	21
2	Clube Agora	3	2	1	16,5
3	CXF-La Mariña4	4	1	1	15
4	CXF-Banco Novagalicia	3	0	3	12,5
5	BREOGÁN “B”	2	2	2	11,5
6	Escuela Lalín “C”	1	0	5	2,5
7	CXF-Reeduca	0	0	6	1

ESCOLA DE XADREZ

Un ano máis a Escola de Xadrez mantivo a súa actividade, da man de José Manuel Álvarez e Heladio Outeiro.

As clases da escola, como vén sendo habitual, impartíronse os venres no Pavillón de Deportes Náuticos, durante todo o curso escolar.



”la Caixa”



X Travesía da Toxa XXVII Trofeo Concello do Grove

O día 8 de xuño disputouse a X Travesía da Toxa-XXVII Trofeo Concello do Grove de Piragüismo, que organizamos conxuntamente coa Federación Galega de Piragüismo, e que contou co patrocinio da Concellaría de Deportes do Concello do Grove.

Esta edición supuxo un récord en canto a participación, pois inscribíronse un total de 198 barcos dobres (K-2 e C-2) o que supón un total de 396 deportistas en competición das categorías: cadete, xuvenil, senior e veteranos.

Con esta regata tamén colaboramos nos actos do II Desembarco Pirata que organizou Emgrobes.

Como vén sendo habitual nes-

ta regata, ademais dos trofeos aos mellores, entregáronse diversos premios especiais grazas á colaboración de diversas empresas do municipio, principalmente as da Illa da Toxa. Este ano tamén contamos co

a colaboración de GADIS que nos aportou o avituallamento para os deportistas.

- Premio do Gran Hotel de La Toja: dunha fin de semana para dúas persoas para cada un dos tri-



Restaurante - Taberna

A TRAIÑA



pulantes da embarcación gañadora en K-2 home senior; que foi para Rubén Millán e Gabriel Pavón do Kayak Tudense.

- Premio do Hotel Louxo La Toja: dunha fin de semana para dúas persoas para cada unha das tripulantes da embarcación gañadora en K-2 muller senior; que foi para Raquel Rodríguez e Lidia Martínez do Escuela de Piragüismo Ciudad de Pontevedra.

- Premio do Hotel Balneario Hesperia Isla de La Toja: dunha fin de semana para dúas persoas para cada un dos tripulantes da embarca-

ción gañadora en C-2 home senior; que foi para Adrián Pose e Diego Miguens das Torres de Catoira.

- Premio da Tienda Manantiales de la Toja: dun lote de produtos que se levaron os compoñentes das embarcacións clasificadas en primeira posición en todas as categorías.

- Premio de Conservas Selectas de Galicia: dun lote de produtos que se levaron os compoñentes das embarcacións clasificadas en segunda posición en todas as categorías.

- Premios do Museo da Sal-

ga: dun lote de dúas entradas que se levaron os compoñentes das embarcacións clasificadas en terceira posición en todas as categorías.

A regata foi gañada pola Escuela de Piragüismo Ciudad de Pontevedra, sendo o Breogán o sexto clasificado. A nivel individual os nosos padexeiros subiron ao pódium en tres ocasións: Laura García e Sara Bravo foron as gañadoras no K-2 muller xuvenil; Tania Álvarez e Natalia García foron segundas en K-2 muller senior e, Manuel García e Borja Meis foron segundos en C-2 home xuvenil.



Segem



GESTIÓN INTEGRAL
DE PLAYAS Y LITORAL

Resultados Galegos

XVIII LIGA GALEGA DE RÍOS E TRAVESÍAS

Nesta competición tamén se integra a X Travesía da Toxa, da que xa se informa amplamente neste Boletín.

O día 6 de xuño, celebrouse o Descenso do Miño en Lugo, no que o Breogán acadou un 6º posto por clubs. A nivel individual destacaron Tania Álvarez, quen gañou en K-1 muller senior; Sara Bravo foi 1ª en K-1 muller xuvenil; igual posto colleitou Manuel García en C-1 home xuvenil, sendo segundo nesta mesma categoría Sergio Meis.

A Baixada do Umia, celebrouse en Ribadumia o 16 de xuño e rematou co terceiro posto por clubs para o Breogán.

Cinco títulos individuais colleitaron os nosos deportistas: Diego Romero (C-1 senior), Adrián Ribademar (C-1 cadete), Félix Meis (C-1 xuvenil), Tania Álvarez (K-1 muller senior), Sara Bravo (K-1 muller senior). Ademais foron segundos: Sergio Meis (C-1 xuvenil) e Lino Cabelos (C-1 veterano).

Unha semana despois celebrouse o Descenso do Miño en Ourense, ao que acudimos con un equipo máis reducido do habitual, e onde rematamos no posto 14º. O resultado individual máis destacado foi 4º posto de Sara Bravo.



XVIII LIGA GALEGA DE PROMOCIÓN

A terceira regata desta competición tivo lugar o 20 de abril en Pontesampaio, unha cita para infantís, aínda que nesta regata tamén competiron alevíns "A", sen puntuar.

Desprazamos un total de 27 deportistas, que acadaron o 5º posto por clubs; destacando que dos 16 infantís que puxemos en competición, 14 entraron en tempo de control.

Lugo acolleu a 4ª regata desta liga, o 23 de xuño, onde acadamos o 7º posto por clubs. A nivel individual destaca o bronce de Antía Naveiro en K-1 muller alevín "B" e o sexto posto de Daniel Mourellos no K-1 infantil "B".



Luis A. Mestre, 76bx. 36980 O Grove
Telf. 986 730 958 Fax. 986 733 960

www.elesma.com



VI LIGA GALEGA DE ALEVÍNS E BENXAMÍNS

A primeira regata desta liga disputouse o 18 de maio no río Lézrez, cita á que acudimos con varias baixas ao coincidir coa Primeira Comunión. Por clubs acadamos o 6º posto, sendo o máis destacable a nivel individual o 4º posto de Lorena Moldes no K-1 muller Alevín “B”.

XIV LIGA GALEGA DE KAIK DE MAR

Ao igual que en anos anteriores, estamos acudindo con varios deportistas ás regatas de kaiak de

mar. Este ano desprazáronse varios veteranos e algúns cadetes destacando as actuacións de Rut Otero e Simón Díaz no K-2 mixto.

REGATA PROMOCIÓN

O día 3 de maio disputouse en Portonovo unha regata de promoción amistosa, na que participaron padexeiros das categorías infantil, alevín e benxamín.

Aquí presentamos un equipo de máis de trinta deportistas, que se fixeron co primeiro posto. Tamén é destacar que a nivel individual se acadaron un primeiro posto, cinco segundos e tres terceiros.



HABITAT

Decoración

Resultados Nacionais

XII LIGA NACIONAL DE PISTA OLÍMPICA

A Regata Nacional de Pista sobre 1.000 m. disputouse os días 13 e 14 de abril no encoro de Pontillón do Castro, Verducido (Pontevedra). O noso equipo realizou unha boa participación, rematando no 5º posto por clubs. Destacou Diego Romero, quen se fixo coas medallas de ouro no C-1 senior e no Sub 23 mentras que Laura García se facía coa medalla de prata no K-1 muller xuvenil.

Outros resultados destacables foron os quintos postos acadados por Diego Romero e Manuel Gacía no C-2 senior; Natalia García e Tania Álvarez no K-2 muller senior e o K-4 muller senior formado por Natalia García, Tania Álvarez, Rut Otero e Antía Rodríguez.

Os días 11 e 12 de maio o encoro de Santa Cruz de Trasona, en Avilés, acolleu a Regata Nacional de Pista sobre 500 e 200m. e na que de novo o noso equipo obtivo unha destacada posición ao ocupar o 6º posto por clubs.

Diego Romero na distancia de 500 m. facíase con dous ouros, un no C-1 e outro no C-2 con Adrian Fernández.

Pola súa Banda, Laura García facíase con dúas medallas de



OBRAS Y CONTRATAS
RIAS BAIXAS

www.riasbaixasnet.com

R/ Pais Vasco, 5 Baixo - 36980 O Grove (Pontevedra)
Tel: 986 732 195 - Fax: 986 735 027 - mail: construcciones@riasbaixasnet.com

prata en K-1 muller xuvenil, nas distancias de 500 e 200 m. Ademais, Laura facendo K-2 con Sara Bravo eran 4º nos 200 m; igual posición que acadada por Manuel García e Borja Meis no C-2 xuvenil 200 m.

XII LIGA NACIONAL DE RÍOS E TRAVESÍAS

Nesta competición practicamente non participamos, tan só estivemos presentes no I Campionato de España de Ríos e Travesías, que se celebrou en Aranjuez (Madrid). Foi coa participación de Adrián Fernández no C-1 senior, quen acadou o Subcampionato de España desta categoría.



XII LIGA NACIONAL DE XÓVENES PROMESAS

O encoro de Trasona acolleu os días 25 e 26 de maio a Copa de España de Xóvenes Promesas para Cadetes. Nesta competición tan só presentamos a catro deportistas, no que destacou a actuación de Adrián Ribademar que no C-1 cadete “B” fíxose co 6º posto.

A Copa de España de Xóvenes Promesas para Infantís, disputouse en Verducido o 29 de xuño. Aquí presentamos un equipo formado por 14 padexeiros que acadaron o posto 11º por clubs. A nivel individual o resultado máis destacado foi o 4º posto do C-2 infantil “B” formado por Tomás Benavides e Eloi Ochoa.



ARAG
Especialistas en
Seguros de Defensa Jurídica

Allianz

Asesoría Fiscal e Contable •

Asesoría Laboral •

Sociedades •

Administración de Fincas •

Mediador de Seguros Colexiado •

Especialista en Seguros de Vida •

Aforro e Inversión

O Corgo, 59 bajo - Telf/Fax. 986 73 31 25 - 36980 O GROVE Pontevedra



Resultados internacionais

Un ano máis o Breogán do Grove conta con deportistas competindo a nivel internacional. Durante o segundo semestre deste ano celebráronse os campionatos europeos, tendo representación no Campionato de Europa Absoluto e no Campionato de Europa Sub 23 e Xuvenil. Diego Romero e as irmáns Natalia e Laura García Naveiro foron a nosa representación nestes europeos.

CAMPIONATO DE EUROPA DE PISTA ABSOLUTO. Celebrouse en Montemor o Velho (Portugal) do 14 ao 16 de xuño. Participou no C-1 Diego Romero nesta categoría absoluta, a pesares de ser aínda Sub 23. Diego meteuse na final continental onde realizou unha magnífica regata, de menos a máis, na que rematou cun destacado sétimo posto.

CAMPIONATO DE EUROPA DE

PISTA SUB 23 E XUVENIL. Celebrouse en Poznan (Polonia) do 28 ao 30 de xuño, tendo tres representantes neste campionato: Diego Romero, Natalia García e Laura García.

Diego Romero realizou un espléndido campionato, acadando dúas medallas de bronce no C-1 sobre 1.000 e 500 m.; ademais dun 9º posto no C-4 1.000 m.

Natalia García no primeiro ano de Sub 23 xa cumpríu con creces ao meterse no equipo desta categoría, participando no K-4 500 m., no que chegaron ata a semifinal.

Laura García, estreouse a nivel internacional neste campionato, tendo unha destacada actuación ao meterse en dúas finais. No K-2 xuvenil rematou na 8ª posición mentras que no K-4 xuvenil facíanse co 9º posto.



GADIS